

PROGRAMACIÓN CULTURAL MAIO, MES DAS LETRAS 2017

IX Concurso de Marcapáxinas

Concurso destinado ao alumnado dos centros de ensino do Concello. Podes consultar as bases en www.concellodezas.org

II Mostra de Teatro Afeccionado

22 Abril: Auditorio de Zas. “L” (+13). Pinchacarneiro Teatro de Noia.

29 Abril: Auditorio de Baio. “República de Gundián” (T.P.). Andaravía Teatro de Vedra.

6 Maio: Auditorio de Zas. “Dez baixo cero” (+7anos). Martabelas de Teo.

13 Maio: Auditorio de Baio. “O de menos é o nome” (T.P.). A. Teatral Mariñán de Betanzos

20 Maio: Auditorio de Baio. “O medo meu” (+13). O Catre teatro de As Pontes.

Todas as funcións ás 21h.

Contos e Música

Martes, 9 de maio

Mamá Cabra, “Contos que saen dos libros”
CEIP Labarta Pose de Baio. (12.30h.)

Música

Xoves, 11 de maio

O Viravai, “As andanzas de Paio”
CEIP Labarta Pose de Baio. (12.30h.)

Música

Luns, 15 de maio

Pakolas, “As Parábolas de Pakolas”
CPI de Zas. (12h.)

Teatro

Martes, 16 de maio

Cándido Pazó, “Memorias dun neno labrego”
CPI de Zas. (12h.)

Animación á lectura

Martes, 16 de maio

Compañía do Trinke Trinke. “Contos para andar o camiño”

Biblioteca Municipal de Zas. (18h)

Música e contos

Xoves, 18 de maio

Migallas Teatro, “Canta Connosco”

CPI de Zas (12h.)

Teatro

Venres, 19 de maio

Isa Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei “Falar sen cancelas”

IES Maximino Romero Lema de Baio (13h)

Animación á Lectura

Martes, 30 de maio

Compañía do Trinke Trinke. “Contos para andar o camiño”

Axencia de Lectura de Baio. (18h.)

+info

www.concellodezas.org

Facebook: Concello De Zas Actualidade Municipal
981 751 398 - 981 718 056

Letras Galegas
2017

ler
conta moito

Rede de Bibliotecas de Galicia XUNTA DE GALICIA



CONCELLO DE ZAS




M
a
i
o

m
e
s

d
a
s

l
e
t
r
a
s



Carlos

Casares

LETRAS

GALEGAS 2017

Biografía

Carlos Casares Mouriño naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941. A súa infancia transcorreu en Xinzo de Limia, onde o seu pai traballou como mestre.

Durante os anos nos que estudou no Seminario ourensán levou a cabo estudos eclesiásticos e formouse en Humanidades. Nestes anos viviu nun ambiente fortemente represivo (incluíndo a prohibición estrita de falar galego), que despertará no autor un espírito inconformista. Rematado o bacharelato, comezou a manifestar as súas inquedanzas literarias, ao gañar un concurso provincial de relatos que lle dou a posibilidade de coñecer a Vicente Risco.

Rematou na Universidade de Santiago Filosofía e Letras. Foi nesta época en que coñeceu a Ramón Piñeiro, ligándose ao núcleo da cultura galeguista e antifranquista. Exerceu a docencia en Viana do Bolo como profesor auxiliar no "Colegio Libre Asociado", onde entrou en conflito coa dirección do centro polo seu aberto antifranquismo. Como consecuencia, expulsárono do colexio e prohibíronlle exercer a docencia en toda Galicia, obrigándoo a desprazarse a Bilbao para traballar.

No 1971 casou con Kristina Berg, e voltou a Ourense, onde traballou dando clase nunha escola de secretariado. Gañou por oposición a súa praza de profesor de Lingua e Literatura Española en 1974 e comezou a exercer no Instituto de Cangas. A súa carreira docente no ensino medio culminou como catedrático no Instituto de San Tomé de Freixeiro (Vigo) e prolongouse ata a súa morte.

Carlos Casares participou da política galega nos

anos de transición e comezos da democracia. Foi un dos asinantes do manifesto "Realidade Galega", xurdido co obxectivo de conseguir un Estatuto Galego á par do catalán e o éuscaro. Este feito puxo a Carlos Casares e outros galeguistas, en primeira liña da política galega de aquel entón. Foi membro do primeiro Parlamento de Galicia, elixido no ano 1981, onde participou na redacción e aprobación da Lei de normalización lingüística no 1983 e a Lei de creación do Consello da Cultura Galega.

Rematada a primeira lexislatura da autonomía, Casares pasou ao segundo plano da actividade política para centrarse no labor cultural, converténdose en director da editorial Galaxia (1986) e da revista *Grial* (1988) e chegando a presidir o Consello da Cultura Galega (1996) e o PEN Club de Galicia. Ademais, formou parte do Padroado da Fundación Caixa Galicia, dirixiu os cursos de verán da Fundación Camilo José Cela, participou activamente na vida da Real Academia Galega, impartiu conferencias, escribiu prólogos, visitou colexios e institutos, presentou libros e asistiu a innumerables actos oficiais.

Un día, con case sesenta anos, non dubidou en embarcarse con oitenta escritores europeos, todos eles bastante máis novos que el, nun Expreso da Literatura Europea que durante mes e medio percorreu Europa dende Lisboa ata San Petersburgo.

O día anterior á súa morte entregou en Galaxia a versión definitiva de *O sol do verán*. Faleceu o 9 de marzo de 2002.

Carlos Casares

Obra

Narrativa

Vento ferido (1967), *Cambio en tres* (1969), *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), *Os escuros soños de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987), *O galo de Antioquia* (1994), *Deus sentado nun sillón azul* (1996), *Un polbo xigante* (2000), *O sol do verán* (2002).

Literatura infantil

A galiña azul (1969), *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), *Este é Toribio* (1991), *Toribio contra o profesor Smith* (1991), *Toribio e o contador de contos* (1991), *Toribio ten unha idea* (1992), *Toribio revoluciona o tráfico* (1994), *Lolo anda en bicicleta* (1996)

Traducións ao galego

O principião de A. De Saint Exupéry (1972), *Os escarabellos voan á tardiña* de M. Gripe (1989), *O vello e o mar* de E. Hemingway (1998) e *La Bella Otero* (2000) e *Doménica* (1999) de G. Torrente Ballester.

Estudos e ensaios biográficos

Semblanzas, entrevistas Coas raíces na terra: 18 figuras galegas (1980), *Curros Enríquez* (1980), *Vicente Risco* (1981), *Otero Pedrayo* (1981), *Conversas con Ánxel Fole* (1981), *Vida, obra e milagres de Xan da Cova* (1992), *Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia* (1991), *Ramón Piñeiro* (1996), *A vida de Ánxel Fole* (1996), *Un país de palabras* (1998), *Hemingway en Galicia* (1999) *Biografía de D. Juan de la Cova* (2000), *A vida do Padre Sarmiento* (2001), *Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo* (2002).